



**Concello
de Pontevedra**

Alcaldía de Pontevedra

alcaldia@pontevedra.eu
www.pontevedra.gal

Estimada/o Alcaldesa/Alcalde:

Adxunto remito un texto do posicionamento en relación a gratuidade da AP-9 entre Pontevedra e Vigo. O texto é un borrador aberto a suxerencias, aportacións e correccións que poderás realizar durante os vindeiros dez días no correo electrónico alcaldia@pontevedra.eu

Unha vez recollidas esas aportacións, redactárase o texto definitivo e procederase a súa sinatura e remisión aos seus destinatarios.

Sen máis, recibe cordiais saúdos de



Miguel Anxo Fernández Lores
Alcalde de Pontevedra

Pontevedra, 22 de xaneiro de 2025

Esta carta remitiuse, en primeira instancia, ás Alcaldías de Vigo, Redondela, Soutomaior, Vilaboa, Cangas, Moaña, Bueu, Marín, Poio, Barro, Cerdedo-Cotobade e Ponte-Caldelas.

Nota.- Obviamente, está aberta a posibilidade de incorporación doutros concellos que mostren interese.



A autoestrada AP-9 no tramo entre Pontevedra e Vigo tivo inicialmente unha concesión até o ano 2013, posteriormente prorrogada até o 2023 e, despois, novamente prorrogada 25 anos máis até o 2048.

Sen menoscabo das reivindicacións da liberación da peaxe en toda a autoestrada ou noutros tramos, e sen tampouco menoscabo do recoñecemento dos avances que supuxeron as bonificacións para o Morrazo e as actuais para usuarios recorrentes, o certo é que no tramo Pontevedra a Vigo se dan unhas circunstancias especiais que se deben ter en conta.

A primeira é que Pontevedra e Vigo forman parte, xunto co Morrazo e os concellos da Ría de Pontevedra dunha mesma conurbación, dunha mesma área metropolitana, e así quedou recollida nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, documento oficial aprobado e en vigor.

A segunda circunstancia é a carencia dunha alternativa de comunicación por estrada entre Pontevedra e Vigo digna para os parámetros e condicións actuais.

A terceira é a profunda asimetría entre as relacións entre o Morrazo e Vigo, subvencionada a conexión con Vigo, pero non así a conexión con Pontevedra.

Por estes motivos, cremos que é de xustiza a petición de que se libere de peaxe o tramo da autoestrada AP-9 entre Pontevedra e Vigo, e se dea cumprimento a esta reivindicación histórica.

En consecuencia, diriximos esta petición ao Ministerio de Transportes e aos Grupos Políticos do Congreso e do Senado, para que tomen en consideración esta petición e adopten as medidas e iniciativas para darlle cabal cumprimento.